

ANEXO II

DEFINICIÓNS

IN607E-AXUDAS PARA O FORTALECEMENTO E AMPLIACIÓN DAS CAPACIDADES DOS CENTROS TECNOLÓXICOS GALEGOS MEDIANTE O APOIO A CREACIÓN E MELLORA DE INFRAESTRUTURAS DE INVESTIGACIÓN E DE ENSAIO E EXPERIMENTACIÓN

1. **Investigación industrial:** investigación planificada ou os estudos críticos destinados a adquirir novos coñecementos e aptitudes para desenvolver novos produtos, procesos ou servizos, ou encamiñados a acadar unha mellora significativa dos produtos, procesos ou servizos existentes, incluíndo os produtos, procesos ou servizos dixitais, en calquera ámbito, tecnoloxía, industria ou sector (incluídas, aínda que non exclusivamente, as industrias e as tecnoloxías dixitais, como a supercomputación, as tecnoloxías cuánticas, as tecnoloxías de cadeas de bloques, a intelixencia artificial, a ciberseguridade, os macrodatos e as tecnoloxías na nube).

A investigación industrial inclúe a creación de compoñentes de sistemas complexos e pode incluír a construción de prototipos nun contorno de laboratorio ou nun contorno con interfaces simuladas cos sistemas existentes, así como liñas piloto cando for necesario para a investigación industrial e, en particular, para a validación de tecnoloxía xenérica.

2. **Desenvolvemento experimental:** a adquisición, combinación, configuración e emprego de coñecementos e capacidades científicas, tecnolóxicas, empresariais e doutros tipos existentes co obxectivo de desenvolver produtos, procesos ou servizos novos ou mellorados, incluídos os produtos, procesos ou servizos dixitais, en calquera ámbito, tecnoloxía, industria ou sector (incluídas, aínda que non exclusivamente, as industrias e tecnoloxías dixitais, como a supercomputación, as tecnoloxías cuánticas, as tecnoloxías de cadeas de bloques, a intelixencia artificial, a ciberseguridade, os macrodatos e as tecnoloxías na nube ou periférica). Así mesmo, poderá incluír actividades de definición conceptual, planificación e documentación de novos produtos, procesos ou servizos.

O desenvolvemento experimental poderá comprender a creación de prototipos, a demostración, a elaboración de proxectos piloto, o ensaio e a validación de produtos, procesos ou servizos novos ou mellorados en contornos representativos de condicións reais de funcionamento, cando o obxectivo principal sexa achegar melloras técnicas a produtos, procesos ou servizos que non estean substancialmente fixados. Poderá incluír o desenvolvemento de prototipos ou proxectos piloto que poidan utilizarse comercialmente

ANEXO II

cando sexa necesariamente o produto comercial final e a súa fabricación resulte demasiado onerosa para o seu uso exclusivo con fins de demostración e validación.

O desenvolvemento experimental non inclúe as modificacións habituais ou periódicas efectuadas en produtos, liñas de produción, procesos de fabricación, servizos existentes e outras operacións en curso, aínda que esas modificacións poidan representar melloras dos mesmos.

3. **Investigación aplicada:** a investigación industrial, o desenvolvemento experimental ou calquera combinación de ambos.

4. **Innovación en materia de procesos:** a aplicación dun método de produción ou subministro novo ou significativamente mellorado, incluíndo cambios significativos en técnicas, equipos ou programas informáticos, a nivel da empresa (a nivel de grupo no sector industrial dado no Espazo Económico Europeo (EEE), por exemplo, mediante a utilización de tecnoloxías ou solucións dixitais novas ou innovadoras. Quedan excluídos desta definición os cambios ou melloras de importancia menor, os aumentos das capacidades de produción ou servizo mediante a introdución de sistemas de fabricación ou loxística moi similares aos xa utilizados, o abandono dun proceso, a mera substitución ou ampliación de capital, os cambios exclusivamente derivados de variacións do prezo dos factores, a produción personalizada, a adaptación aos usos locais, os cambios periódicos de carácter estacional ou outros cambios cíclicos e o comercio de produtos novos ou significativamente mellorados.

5. **Servizos de apoio á innovación:** o subministro de locais, bases de datos, servizos na nube e servizos de almacenamento de datos, bibliotecas, investigación de mercados, laboratorios, etiquetado de calidade, ensaio, experimentación e certificación e outros servizos relacionados, incluídos os servizos prestados por organismos de investigación e difusión de coñecementos, infraestruturas de investigación e infraestruturas de ensaio e experimentación ou agrupacións de innovación, co fin de desenvolver produtos, procesos ou servizos máis eficaces ou tecnoloxicamente avanzados, incluíndo a aplicación de tecnoloxías e solucións innovadoras (incluídas as tecnoloxías e as solucións dixitais).

6. **Activos inmateriais:** activos que non teñen unha materialización física ou financeira, como as patentes, as licenzas, os coñecementos técnicos ou outros dereitos de propiedade intelectual.

7. **Activos materiais:** os activos consistentes en terreos, edificios e instalacións, maquinaria e equipos.

ANEXO II

8. **Infraestrutura de investigación:** as instalacións, os recursos e os servizos afíns utilizados pola comunidade científica para levar a cabo investigacións no seu sector respectivo. Esta definición abarca os bens de equipo ou instrumental científicos; os recursos baseados no coñecemento, como coleccións, arquivos ou información científica estruturada; infraestruturas de carácter instrumental baseadas en tecnoloxías da información e a comunicación, como rede, computación, programas informáticos e comunicacións, ou calquera outra entidade de carácter único necesaria para levar a cabo a investigación; estas infraestruturas poderán atoparse nun so lugar ou estar descentralizadas ("rede organizada de recursos").

9. **Infraestrutura de ensaio e experimentación ou tecnolóxica:** as instalacións, os equipos, as capacidades e os recursos, como os bancos de probas, as liñas piloto, os demostradores, as instalacións de ensaio ou os laboratorios viventes, e os servizos de apoio conexos cuxos usuarios son principalmente empresas, sobre todo pemes, que buscan apoio para o ensaio e a experimentación con vistas ao desenvolvemento de produtos, procesos e servizos, novos ou mellorados, para probar e expandir tecnoloxías, para progresar a través da investigación industrial e o desenvolvemento experimental. O acceso a infraestruturas de ensaio e experimentación financiadas con fondos públicos está aberto a varios usuarios e ten que concederse de xeito transparente e non discriminatorio e en condicións de mercado. As infraestruturas de ensaio e experimentación denomínanse tamén ás veces "infraestruturas tecnolóxicas".

10. **Unidade de investigación / Unidade tecnolóxica:** Conxunto dos diferentes activos materiais e inmateriais incluídos nunha mesma solicitude que sexan considerados elementos dunha infraestrutura de investigación ou dunha infraestrutura de ensaio e experimentación (véxase as definicións dos punto 9 e 10 anteriores). É dicir, constitúen unha unidade de investigación o equipo ou equipos, así como os activos inmateriais correspondentes, cun ámbito temático ou tecnolóxico común que forman parte dunha mesma infraestrutura de investigación. A unidade será "tecnolóxica" no caso de que estes elementos formen parte dunha infraestrutura tecnolóxica (ou de ensaio e experimentación). Deste xeito, cada unidade contará con activos materiais e inmateriais diferenciados, suporá a dotación dun espazo e contará cunha finalidade concreta.

11. **Transferencia de coñecementos:** todo proceso destinado a adquirir, recadar e compartir coñecementos expresos e tácitos, incluídas técnicas e competencias en actividades económicas e non económicas como colaboracións en investigación, consultaría, concesión de licencias,

ANEXO II

creación de empresas derivadas, publicación e mobilidade de investigadores e persoal de outro tipo que participe nesas actividades. Ademais de coñecementos científicos e tecnolóxicos, inclúe outros como coñecementos do uso de normas e regulamentos que os incorporan e de contornos de condicións reais de funcionamento e métodos de innovación en materia de organización, así como xestión de coñecementos relacionados coa constatación, adquisición, protección, defensa e explotación de activos inmateriais.

12. **Actividade económica:** a oferta de bens e/ou servizos nun determinado mercado, con independencia da forma xurídica da entidade (constituída conforme dereito público ou privado) ou da súa forma de financiamento. Para estes efectos, a finalidade da entidade (con ou sen ánimo de lucro) non é relevante.

13. **Actividades non económicas dos organismos de investigación e das infraestruturas de investigación:** segundo o disposto no Marco sobre axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación (2022/C 414/01), son aquelas actividades que non consisten na oferta de bens e/ou servizos nun determinado mercado, incluíndo:

1) as actividades primarias dos organismos de investigación e infraestruturas de investigación, en particular:

- a formación para lograr máis e mellor persoal cualificado;
- a realización de I+D independente para mellorar os coñecementos e a comprensión cando o organismo de investigación emprenda unha colaboración efectiva;
- a ampla difusión de resultados das investigacións de forma non discriminatoria e non exclusiva.

2) as actividades de transferencia de coñecemento, cando son levadas a cabo polo organismo de investigación ou a infraestrutura de investigación (incluídos o seus departamentos ou filiais), ou conxuntamente con outras entidades ou por conta das ditas entidades e cando todos os beneficios destas actividades se reinvestan nas actividades primarias do organismo de investigación ou a infraestrutura de investigación. O carácter non económico destas actividades de transferencia non se ve afectado polo feito de contratar con terceiros a prestación dos servizos correspondentes mediante licitación pública.

Cando un organismo de investigación ou unha infraestrutura de investigación se utilicen á vez para actividades económicas e non económicas, o financiamento público unicamente entra

ANEXO II

dentro do ámbito de aplicación das normas sobre axudas estatais na medida en que cubra custos relacionados con actividades económicas. Nos casos en que o organismo ou a infraestrutura de investigación se utilicen case exclusivamente para unha actividade non económica, o seu financiamento pode quedar totalmente fóra do ámbito de aplicación das normas sobre axudas estatais a condición de que a explotación económica siga sendo de carácter puramente accesorio, é dicir, que corresponda a unha actividade que estea directamente relacionada co funcionamento do organismo ou infraestrutura de investigación e sexa necesaria para o dito funcionamento, ou que estea intrinsecamente vinculada ao seu uso principal non económico, e que teña un ámbito de aplicación limitado. Considerase que isto é así cando as actividades económicas consuman exactamente os mesmos insumos (como material, equipamento, man de obra e capital fixo) que as actividades non económicas, e a capacidade asignada cada ano a ditas actividades económicas non supere o 20 % da capacidade anual total da entidade de que se trate.

14. **Empresa:** segundo o artigo 1 do anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014, considerarase empresa toda entidade, independentemente da súa forma xurídica, que exerza unha actividade económica. En particular, consideraranse empresas as entidades que exerzan unha actividade artesanal ou outras actividades a título individual ou familiar, así como as sociedades de persoas e as asociacións que exerzan unha actividade económica de forma regular.

15. **Pequenas e medianas empresas (peme):** o anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014, consideraranse pemes as empresas que ocupan menos de 250 persoas e o seu volume de negocio anual non excede os 50 millóns de euros ou o seu balance xeral non excede os 43 millóns de euros. Dentro das pemes, considérase pequena empresa a que ocupa menos de 50 persoas e cuxo volume de negocio anual ou balance xeral anual non supera os 10 millóns de euros. Para o cálculo destes efectivos deberán considerarse as indicacións incluídas nos artigos 3, 4, 5 e 6 do citado anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014.

16. **Gran empresa:** toda empresa que non cumpre cos requisitos para ser considerada como peme nos termos establecidos no anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014.

17. **Entidade vinculada:** son empresas vinculadas, segundo o artigo 3.3 do anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014, aquelas empresas entre as cales existe algunha das seguintes relacións:

ANEXO II

- a) Unha empresa posúe a maioría dos dereitos de voto dos accionistas ou socios da outra empresa.
- b) Unha empresa ten dereito a nomear ou revogar á maioría dos membros do órgano de administración, dirección ou control da outra empresa.
- c) Unha empresa ten dereito a exercer unha influencia dominante sobre outra, en virtude dun contrato celebrado con ela ou dunha cláusula estatutaria da segunda empresa.
- d) Unha empresa, accionista ou asociada a outra, controla soa, en virtude dun acordo celebrado con outros accionistas ou socios da segunda empresa, a maioría dos dereitos de voto dos seus accionistas ou socios.

Presúmese que non existe influencia dominante cando os investidores enunciados no artigo 3.2 do citado anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 non teñen implicación directa ou indirecta na xestión da empresa en cuestión, sen prexuízo dos dereitos que lles correspondan na súa calidade de accionistas.

Consideraranse tamén vinculadas as empresas que manteñan calquera das relacións previstas no parágrafo primeiro do artigo 3 do citado anexo I a través doutra/s empresa/s, ou cos investidores enumerados no punto 2 do mesmo artigo,

Así mesmo, consideraranse empresas vinculadas as que manteñan algunha das devanditas relacións a través dunha persoa física ou un grupo de persoas físicas que actúen de común acordo se ditas empresas exercen a súa actividade ou parte dela no mesmo mercado de referencia ou en mercados contiguos. Considérase mercado contiguo o mercado dun produto ou servizo situado nunha posición inmediatamente anterior ou posterior ao do mercado en cuestión.

18. **Empresa en crise:** segundo o Regulamento (UE) nº 651/2014 (artigo 2 punto 18) unha empresa na que que concorran polo menos unha das seguintes circunstancias:

- a) Se se trata dunha sociedade de responsabilidade limitada (distinta dunha peme con menos de tres anos de antigüidade), cando teña desaparecido máis da metade do seu capital social subscrito como consecuencia das perdas acumuladas; é o que acontece cando a dedución das perdas acumuladas das reservas (e de todos os demais elementos que se soen considerar fondos propios da sociedade) conduce a un resultado negativo superior á metade do capital social subscrito. Por "sociedade de responsabilidade limitada" refírese, en particular, aos tipos

ANEXO II

de sociedades mencionados no anexo I da Directiva do Consello, 2013/34/UE do Parlamento Europeo e por "capital social" inclúese, cando proceda, toda prima de emisión.

b) Se se trata dunha sociedade na que polo menos algúns dos seus socios teñen unha responsabilidade ilimitada sobre a débeda da sociedade (distinta dunha peme con menos de tres anos de antigüidade) cando teña desaparecido por perdas acumuladas máis da metade dos seus fondos propios que figuran na súa contabilidade. Por "sociedade na que polo menos algúns dos seus socios teñen unha responsabilidade ilimitada sobre a débeda da sociedade" refírese, en particular, aos tipos de sociedades mencionados no anexo II da Directiva 2013/34/UE.

c) Cando a empresa se atope nun procedemento de quebra ou insolvencia ou reúna os criterios establecidos no seu dereito nacional para ser sometida a un procedemento de quebra ou insolvencia a petición dos seus acredores.

d) Cando a empresa recibise axuda de salvamento e aínda non reembolsase o préstamo ou posto fin á garantía, ou recibise axuda de reestruturación e estea aínda suxeita a un plan de reestruturación.

e) Se se trata dunha empresa distinta dunha peme, cando durante os dous exercicios anteriores:

1º. O cociente débeda/capital da empresa fose superior a 7,5.

2º. O cociente de cobertura de xuros da empresa, calculado sobre a base do EBITDA, se situase por baixo de 1,0.

19. *Organismo de investigación e difusión de coñecementos ou organismo de investigación:* toda entidade (por exemplo, universidades ou centros de investigación, organismos de transferencia de tecnoloxía, intermediarios de innovación ou entidades colaborativas reais ou virtuais orientadas á investigación), independentemente da súa personalidade xurídica (de dereito público ou privado) ou a súa forma de financiamento, cuxo principal obxectivo sexa realizar investigación fundamental, investigación industrial ou desenvolvemento experimental ou difundir amplamente os resultados das mesmas mediante a ensinanza, a publicación ou a transferencia de tecnoloxía. Cando a dita entidade desenvolva tamén actividades económicas, o financiamento, os custos e os ingresos respectivos deberán consignarse por separado. As empresas que poidan exercer unha influencia decisiva nas ditas entidades en calidade, por exemplo, de accionistas ou membros, non poderán gozar de acceso preferente aos resultados da investigación que xeren as entidades.

ANEXO II

20. **Efecto incentivador:** de acordo co artigo 6 do Regulamento (UE) nº 651/2014 considérase que as axudas teñen un efecto incentivador se a solicitude de axuda se ten presentado antes do comezo da actuación para a que se solicita a axuda.

21. **Inicio dos traballos:** data de inicio dos traballos de construción no investimento ou ben a do primeiro compromiso en firme para a adquisición de equipamento. No caso de que existise outro tipo de compromiso que faga o investimento irreversible e a data deste fose previa ás anteriores, esta sería a que se consideraría como data de inicio dos traballos.

A compra de terreos e os traballos preparatorios como a obtención de permisos e a realización de estudos previos de viabilidade non se consideran inicio dos traballos.

22. **Posta en explotación da infraestrutura:** data de entrada en servizo ou funcionamento da infraestrutura.

23. **Mapa de Infraestruturas Estratéxicas (Plataforma Innovarede):** tal e como se recolle no Plan Galego de Investigación e Innovación 2025-2027, trátase dunha plataforma que servirá de inventario e ferramenta estratéxica para poñer en valor capacidades singulares do Ecosistema Galego de Innovación. As infraestruturas apoiadas deberán potenciar un uso eficiente dos recursos evitando solapamentos con infraestruturas xa existentes e fomentando sinerxías entre elas a través da integración dos investimentos nesta plataforma Innovarede. Ao facilitar o acceso e a integración destas infraestruturas, refórzase o papel dos centros galegos como motores da innovación e do avance científico.

24. **Reto da RIS3:** cada un dos tres grandes retos estratéxicos de natureza económica e social da sociedade galega, identificados a través dun amplo proceso participativo cos axentes da cuádrupla hélice, que a RIS3 aborda a través da I+D+i co obxectivo de conseguir un impacto transformador sobre a economía e a sociedade galega. Os retos son:

– Reto 1: Modelo de xestión de recursos naturais e culturais baseados na innovación.

Modernización dos sectores primarios galegos a través da introdución de innovacións que incidan na mellora da eficiencia e o rendemento no uso dos recursos endóxenos e a súa reorientación cara a usos alternativos con maior valor engadido en actividades enerxéticas, agrarias, acuícolas, farmacolóxicas, cosméticas, alimentarias e culturais.

– Reto 2: Un modelo industrial sustentado na competitividade e no coñecemento.

ANEXO II

Incrementar a intensidade tecnolóxica da estrutura industrial de Galicia a través das Tecnoloxías Facilitadoras Esenciais e a evolución das cadeas de valor.

– Reto 3: Un modelo de vida saudable e baseado no envellecemento activo da poboación. Posicionar a Galicia como a rexión líder do sur de Europa na oferta de servizos e produtos intensivos en coñecemento relacionados cun modelo de vida saudable e de envellecemento activo.

25. *Prioridade da RIS3*: Cada unha das tres grandes temáticas transversais identificadas a través dun amplo proceso participativo cos axentes da cuádrupla hélice, cara as que a RIS3 orienta as capacidades e esforzos do ecosistema galego de innovación para responder aos tres grandes retos estratéxicos. As prioridades, polo seu carácter horizontal, teñen incidencia en todas as cadeas de valor e favorecen a colaboración entre sectores e as diferentes áreas de coñecemento e tecnolóxicas, constituíndo unha oportunidade de desenvolver novas cadeas de valor e novos mercados. Así mesmo, están plenamente aliñadas coas prioridades da Unión Europea e o Estado español. As prioridades son:

- Prioridade 1: Desenvolvemento e aplicación das diferentes solucións científico-tecnolóxicas e de innovación para avanzar na descarbonización das cadeas de valor, a sustentabilidade dos recursos naturais (terra e mar) e patrimoniais de Galicia, xerando, ademais, oportunidades para a diversificación cara a produtos sustentables, competitivos internacionalmente e mellorando o benestar das persoas.

- Prioridade 2: Apoio á dixitalización (desenvolvemento e/ou incorporación de tecnoloxías) para impulsar o modelo industrial galego, a xestión e prestación de servizos sanitarios e sociais de calidade, así como a xestión de recursos naturais e culturais, como panca para a transformación resiliente de Galicia.

- Prioridade 3: Orientación dos esforzos en I+D+i cara ás necesidades e o benestar das persoas e consolidación de Galicia como unha contorna de referencia mundial para o desenvolvemento e testeo de novas oportunidades e solucións científico-tecnolóxicas e empresariais dirixidos a elas.

26. *Ámbito de priorización da RIS3* (ver anexo V): Para precisar de forma máis detallada como cada prioridade aborda os tres retos, a RIS3 selecciona 29 temáticas máis delimitadas, denominadas ámbitos de priorización, que concretan e detallan o perfil de especialización para Galicia e nos que se focalizan os investimentos e esforzos da estratexia.

ANEXO II

Estes ámbitos de priorización caracterízanse pola súa transversalidade sectorial, abrindo oportunidades a diferentes cadeas de valor, así como novas formas de colaboración entre elas, a nivel tanto de mercados como de tecnoloxías ou procesos. Os ámbitos de priorización definíronse cos axentes da cuádrupla hélice durante o proceso de descubrimento emprendedor na fase de elaboración da RIS3.



Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos Europeos